Ecoxogo do CRAEGA

NORMAS DO XOGO

COMO XOGAR?
Todos os xogadores tiran o dado.
O que obteña o maior número comeza a partida.
O obxectivo é chegar á posición central dos logos de produción ecolóxica certificada (63).
Cómpre acadar a puntuación exacta. En caso de exceso, hai que retroceder tantas posicións como puntos sobren.

POSICIÓNS ESPECIAIS

Logo europeo (1, 5, 9, 18, 25, 32, 36, 41, 45, 50, 54, 59,63): de ECO a ECO e tiro porque é un alimento completo.

Logo CRAEGA (14, 23, 33, 44, 56, 63): de CRAEGA a CRAEGA e tiro de novo porque coñezo o seu logo!

Animais contentos (6, 12): de ovella contenta a ovella contenta. E tiro o dado porque o meu animal está ben coidado.

Dado (26, 53): de dado a dado e tiro porque está mandado.

Asociación e rotación de cultivos (31, 47): por facer asociacións e rotacións avanzas 8 posicións.

Semente convencional (42): uso de sementes sen certificar, 2 quendas sen xogar.

Excesiva carga gandeira (52): exceso de animais no prado, 3 quendas parado.

Residuos químicos (58): presenza de residuos químicos na túa plantación, volve á posición inicial como sanción.

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural
XUNTA DE GALICIA